

UNIDADE 8. Os rostros da violencia machista: cara unha sociedade sen violencia

RÚBRICA DE AUTOAVALIACIÓN PARA O ALUMNADO

	0	2	5	8	10
Manexo dos conceptos da unidade	Non manexo concepto algún.	Non distingo a violencia de xénero doutros tipos de violencia. Non sei clasificar os distintos tipos de violencia de xénero. Non sei describir o ciclo da violencia de xénero nin as fases que caracterizan a escaleira da violencia. Non sabe desmontar os mitos sobre a violencia de xénero. Descoñezo as pautas a seguir en caso de sufrir ou testemuñar violencia de xénero.	Teño dificultades para distinguir a violencia de xénero doutros tipos de violencia e clasificar os distintos tipos de violencia de xénero. Tamén para describir o ciclo da violencia e as fases que caracterizan a escaleira da violencia. Cústame desmontar os mitos sobre a violencia de xénero. Trabúcome coas pautas a seguir en caso de sufrir ou testemuñar violencia de xénero.	Cometo erros puntuais, se ben son capaz de distinguir a violencia de xénero doutros tipos de violencia, clasificar os distintos tipos de violencia de xénero, describir o ciclo da violencia e as fases que caracterizan a escaleira da violencia, identificar mitos sobre a violencia de xénero e precisar as pautas de actuación en caso de sufrir ou testemuñar violencia de xénero.	Distingo a violencia de xénero doutros tipos de violencia. Clasifico os distintos tipos de violencia de xénero. Describo o ciclo da violencia e as fases que caracterizan a escaleira da violencia. Identifico e desartello mitos sobre a violencia de xénero. Preciso as pautas de actuación en caso de sufrir ou testemuñar violencia de xénero.
Interiorización dos conceptos	Xustifico de maneira explícita a violencia de xénero.	Aínda que non o fago de maneira explícita, xustifico a violencia de xénero en base a argumentos propios dunha sociedade patriarcal. Acepto sen discrepancia os mitos sobre a violencia de xénero. Son incapaz de empatía coas vítimas.	Non acepto a violencia de xénero, mais teño dificultades en apreciar como violencia os seus aspectos menos evidentes, como os micromachismos ou a trata de persoas. Tampouco acabo de entender que as vítimas non poidan zafarse dos seus agresores, aos que xustifico en certa medida.	Empaticeiro coas vítimas de violencia, que rexeito sen paliativos. Acredito en que o único culpabilizar é o agresor, se ben non acabo de entender porque as vítimas non poden zafarse deles ou penso que algunhas fontes de violencia, como os micromachismos, son esaxeracións das feministas.	Rexeito absolutamente a violencia e os agresores. Sei argumentar de maneira convincente e persoal cando alguén xustifica os agresores ou minora a relevancia da violencia de xénero, mesmo nas súas manifestacións menos evidentes, como os micromachismos.
Participación na aula	Non participo nos diálogos nin en ningunha outra actividade de aula.	Non encontrei o momento para intervir nos diálogos. Carecía de argumentos válidos. Tampouco teño preguntas sobre os	Aínda que me custa atopar argumentos, esforceime por intervir nos diálogos. Teño preguntas sobre os contidos e	As miñas argumentacións están ben estruturadas e usan conceptos aprendidos na unidade. Aínda así teño	As miñas argumentacións están ben estruturadas, usan conceptos aprendidos na unidade e ofrecen exemplos

		contidos.	son capaz de trasladalas.	dificultades para realizar argumentacións con exemplos e reflexións persoais.	persoais e reflexións propias.
Lecturas	Non realicei as lecturas.	As lecturas non me interesaron nin me levaron a ningunha reflexión sobre a relación entre a violencia de xénero e a sociedade patriarcal.	Realicei as lecturas, mais foime difícil entendelas e establecer a a relación entre a violencia de xénero e a sociedade patriarcal.	Comprendín as lecturas en todos os seus detalles, mais non me dotaron de novos argumentos sobre a relación entre a violencia de xénero e a sociedade patriarcal.	Comprendín as lecturas en todos os seus detalles. Servíronme para adquirir novos argumentos sobre a a relación entre a violencia de xénero e a sociedade patriarcal.
Proxecto: produto final	Nin sequera realizamos o cadro de síntese sobre as medidas de atención ás vítimas.	Realizamos un cadro de síntese moi básico sobre as medidas de atención ás vítimas. Non xestionamos que un/unha profesional se achegase ao centro.	O noso cadro de síntese sobre as medidas de atención ás vítimas era básico. Consequimos que un/unha profesional se achegase ao centro. Con todo, nin a nosa presentación nin as nosas preguntas serviron para poñer de relevo o seu traballo. A actividade tivo escaso impacto na comunidade, en boa medida porque o material de conclusión que elaboramos carecía de atractivo e profundidade.	O noso cadro de síntese sobre as medidas de atención ás vítimas resumía adecuadamente a tarefa da/do profesional que se achegou ao centro. Con todo, a nosa presentación e preguntas non lograron facer manifesta a importancia da súa tarefa. A actividade alcanzou a case toda a comunidade educativa, aínda que o material de conclusión que elaboramos podería ser máis atractivo ou detallado.	O noso cadro de síntese sobre as medidas de atención ás vítimas, a presentación e as preguntas fixeron manifesta a importancia da súa tarefa. A actividade alcanzou a toda a comunidade educativa, grazas a un material de conclusión de gran detalle e atractivo.
Proxecto: traballo de equipo	Nin sequera chegamos a acordar unha repartición de tarefas.	Non tivemos acordo na división das tarefas. Cada un realizou a súa parte, sen coordinación.	Tivemos conflitos e/ou disparidades na distribución das tarefas. Os conflitos repercutiron no produto final.	Tivemos pequenos conflitos na distribución e/ou non todos os membros foron igual de eficientes. Con todo, apenas conseguimos un resultado final atractivo.	Distribuímos as tarefas sen conflitos e en partes da mesma dificultade. Todos os membros foron eficientes.
Proxecto: traballo individual	Non colaborei cos/coas compañeiros/as.	Non acheguei ideas ao traballo. Non me coordinei coas/cos compañeiras/os e realicei outras tarefas distintas das que me encargaron.	Non acheguei ideas ao traballo. Asumín de mal grado as tarefas que me encargaron as/os compañeiras/os e executeinas sen entusiasmo.	Non acheguei ideas ao traballo, mais asumín de grado as tarefas que me encargaron as/os compañeiras/os e executeinas con éxito.	Acheguei numerosas ideas ao traballo, mais non tiveron reparo en aceptar as ideas doutras/os participantes. Ademais realicei con éxito as tarefas que me corresponderon.

RÚBRICA DE AVALIACIÓN PARA O PROFESORADO

	0	2	5	8	10
Manexo dos conceptos da unidade	Non manexa concepto algún.	Non distingue a violencia de xénero doutros tipos de violencia. Non identifica as tipoloxías de violencia de xénero. Non caracteriza o ciclo da violencia de xénero nin as fases da escaleira da violencia. Acepta os mitos sobre a violencia de xénero. Descoñece as pautas a seguir en caso de sufrir ou testemuñar violencia de xénero.	Aprécianse dificultades para distinguir a violencia de xénero doutros tipos de violencia, identificar tipoloxías de violencia de xénero e caracterizar o ciclo da violencia e as fases da escaleira da violencia. Non é quen a desmontar os mitos sobre a violencia de xénero. Trabúcase coas pautas a seguir en caso de sufrir ou testemuñar violencia de xénero.	Comete erros puntuais, se ben distingue a violencia de xénero doutros tipos de violencia, identifica tipoloxías de violencia de xénero, caracteriza o ciclo da violencia e as fases da escaleira da violencia, identifica mitos sobre a violencia de xénero e precisa as pautas de actuación en caso de sufrir ou testemuñar violencia de xénero.	Distingue a violencia de xénero doutros tipos de violencia. Identifica tipoloxías de violencia de xénero. Caracteriza o ciclo da violencia e as fases da escaleira da violencia. Identifica e desartella mitos sobre a violencia de xénero. Precisa as pautas de actuación en caso de sufrir ou testemuñar violencia de xénero.
Interiorización dos conceptos	Xustifica de maneira explícita a violencia de xénero.	Aínda que non o fai de maneira explícita, xustifica a violencia de xénero en base a argumentos propios dunha sociedade patriarcal. Acepta de maneira acrítica os mitos sobre a violencia de xénero. É incapaz de empatía coas vítimas.	Non acepta a violencia de xénero, mais ten dificultades en apreciar como violencia os seus aspectos menos evidentes, como os micromachismos ou a trata de persoas. Tampouco acaba de entender que as vítimas non poidan zafarse dos seus agresores, aos que xustifica en certa medida.	Empatiza coas vítimas de violencia, que rexeita sen paliativos. Acredita que o único a culpabilizar é o agresor, se ben non acaba de entender porque as vítimas non poden zafarse deles ou pensa que algunhas fontes de violencia, como os micromachismos, son esaxeracións das feministas.	Rexeita absolutamente a violencia e os agresores. Argumenta de maneira convincente e persoal cando alguén xustifica os agresores ou minora a relevancia da violencia de xénero, mesmo nas súas manifestacións menos evidentes, como os micromachismos.
Participación na aula	Irrelevante.	Apenas intervéñ no debate. As súas argumentacións son inconsecuentes ou meras repeticións do que escoitou.	Intervén no debate, ben que as súas argumentacións son reiterativas ou empregan escaso vocabulario técnico.	As súas argumentacións están ben estruturadas e usan conceptos aprendidos na unidade.	As súas argumentacións están ben estruturadas e usan conceptos aprendidos na unidade. Ofrece exemplos persoais e reflexións persoais.
Lecturas	Non realizou as lecturas.	Realizou as lecturas con	As súas reflexións sobre as	Identifica o tema das lecturas	Identifica o tema das lecturas

		desgana, foi incapaz de identificar o seu tema. Non achegou reflexión algunha sobre a relación entre a violencia de xénero e a sociedade patriarcal..	lecturas revelan dificultades no manexo dos conceptos e na construción de argumentos sobre a relación entre a violencia de xénero e a sociedade patriarcal.	en base aos conceptos traballados na unidade. Ten dificultade en construír a partir delas argumentos persoais sobre a relación entre a violencia de xénero e a sociedade patriarcal.	en base aos conceptos traballados na unidade. Constrúe a partir delas argumentos persoais sobre a relación entre a violencia de xénero e a sociedade patriarcal.
Proxecto: produto final	Nin sequera realizaron o cadro de síntese sobre as medidas de atención ás vítimas.	Realizaron un cadro de síntese moi básico sobre as medidas de atención ás vítimas. Non xestionaron que un/unha profesional se achegase ao centro.	O cadro de síntese sobre as medidas de atención ás vítimas era básico. Conseguiron que un/unha profesional se achegase ao centro. Con todo, nin a presentación nin as preguntas serviron para poñer de relevo o seu traballo. A actividade tivo escaso impacto na comunidade, en boa medida porque o material de conclusión que elaboraron carecía de atractivo e profundidade.	O cadro de síntese sobre as medidas de atención ás vítimas resumía adecuadamente a tarefa da/do profesional que se achegou ao centro. Con todo, a presentación e as preguntas non lograron facer manifesta a importancia da súa tarefa. A actividade alcanzou a case toda a comunidade educativa, aínda que o material de conclusión elaborado podería ser máis atractivo ou detallado.	O cadro de síntese sobre as medidas de atención ás vítimas, a presentación e as preguntas fixeron manifesta a importancia da súa tarefa. A actividade alcanzou a toda a comunidade educativa, grazas a un material de conclusión de gran detalle e atractivo.
Proxecto: traballo de equipo	O produto é tan curto que delata a incuria do equipo.	Non houbo acordo na división das tarefas. Cada un realizou a súa parte, sen coordinación.	Houbo conflitos e/ou disparidades na distribución das tarefas. Os conflitos repercutiron no produto final.	Houbo pequenos conflitos na distribución e/ou non todos os membros foron igual de eficientes. Con todo, apenas se notou no resultado final.	A tarefa distribuíuse sen conflitos e en partes da mesma dificultade. Todos os membros foron eficientes.
Proxecto: traballo individual	Non colaborou cos/coas compañeiros/as.	Non propuxo liñas de traballo. Realizou outras tarefas das que lle corresponderon e entorpeceu o entendemento no grupo de traballo.	Non propuxo liñas de traballo. Foi reticente a asumir as tarefas que lle corresponderon e executounas sen entusiasmo.	Limitouse a aceptar ideas doutras/os participantes. Con todo, executounas con éxito.	Liderou o seu grupo de traballo, propoñendo liñas de traballo, aceptando ideas doutras/os participantes e executou con éxito as tarefas que lle corresponderon.